

A Presidencia, á vista do acordo da Mesa do Parlamento do día 24 de xullo, e logo da solicitude formulada polo G.P. En Marea, o G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. do Bloque Nacionalista Galego, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 28 de xullo de 2017, ás 12:00, coa seguinte orde do día:

Punto único. Solicitude de convocatoria dun Pleno extraordinario

1.1 12806 (10/SCDP-000001)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Solicitude de convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do conselleiro de Política Social para dar conta da publicación, por parte da Xunta de Galicia, do Decreto que desenvolva a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.

2. Debate da proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación co proceso de tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia (10/PNP-000076, doc.núm. 880)

3. Comparecencia do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo para explicar a posición do Goberno en relación coa transferencia da AP-9 tras as últimas declaracións do xefe do executivo cuestionando a viabilidade da petición do Parlamento galego; así como para dar conta da situación na que se encontra o transporte público tras o conflito polo plan aprobado polo Goberno.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 24/07/2017 12:15:15